# Plan de mellora árbore 2008/2011

| | |
|---|---|
| **OBXECTIVO 1***: Incrementar a fidelización das vendas das socias consumidoras. | • L1 : Definición e execución de ferramentas comerciais para a promocion de vendas (descontos; cestas;escaparatismo;...)<br>• L2 : Aumento da diversificación da oferta de produtos e servizos da cooperativa (roupas; libros; ...)<br>• L3 : Conformación de grupos de consumo conxunto para determinados produtos, nomeadamente, elaborados.<br>• L4 : Conformación de grupos de consumo de fresco.<br>• L5 : Realización de actividades e elaboración de ferramentas para a mellora da información sobre consumo consciente. |
| **OBXECTIVO 2***: Captar novos tipos de socias consumidoras | • L6 : Organización de actividades divulgativas sobre a cooperativa, o consumo consciente e cooperativismo en centros sanitarios; centros de ensino e establecementos de hostelaría.<br>• L7: Creación dunha imaxe de marca propia do sector (p.e.consumo ecolóxico cooperativo) en colaboración con outras organizacións do sector. |
| **OBXECTIVO 3***: Mellorar os sistemas de información interna e externa da cooperativa | • L8: Potenciación de estudos que permitan mellorar o posicionamento da cooperativa a respecto da competencia e a evolución do mercado, con especial atención á identificación das necesidades e gostos das socias e non socias consumidoras.<br>• L9 : Realización de análises periódicas do sector de produtos ecolóxicos en Galiza en colaboración con outros estabelecementos do sector, asociacións de cooperativas e administracións públicas. |
| **OBXECTIVO 4**: Aumentar a cualificación e formación do persoal e Consello Reitor | • L10 : Realización de actividades formativas anuais relacionadas co punto de venda en temáticas como manexo de novas tecnoloxías; técnicas de venda; servizos de atención ao cliente; escaparatismo ou paquetaría.<br>• L11 : Fomento de actividades formativas concretas en xestión empresarial cooperativa en colaboración con outras cooperativas e as asociacións de cooperativas.<br>• L12 : Colaboración con outras empresas do sector, das asociacións de cooperativas e das administracións públicas para a execución de ditas actividades.<br>• L13 : Fomento da participación do persoal e do Consello Reitor na definición e priorización das temáticas da formación, coa posibilidade de desenvolver dita formación en horario laboral. |
| **OBXECTIVO 5:** Capitalizar a cooperativa | • L14 : Fixación e cobro dun importe mínimo mensual de consumo con independéncia do seu consumo real. |
| **OBXECTIVO 6:** Revitalizar a vida societária e participativa da cooperativa. | • L15 : Creación dun local social para actividades diversas da cooperativa (formativas; divulgativas e lúdicas). |
| **OBXECTIVO 7:** Priorizar a produción local | • L16 : Fortalecemento e alargamentos dos pactos con produtoras locais. |

* Según acordos da Asamblea do 26 de abril, os obxetivos 1 e 3 son considerados prioritarios, mentras que o 2 non o é.